

## COFRADIA DE PESCADORES SAN JOSE DE CANGAS

### RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO DE CONVOCATORIA DE AXUDAS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA

*ORDE do 11 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2025 para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas a proxectos colectivos, financiados polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), para a restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños mediante medidas de conservación no marco de actividades marisqueiras sustentables, tramitada como anticipada de gasto (código de procedemento PE209B). (DOG Núm. 2 do 3 de xaneiro de 2025)*

Expediente: PE209B-2025-00031

Examinados os informes do Servizo de Xestión de Proxectos, as actas e o informe da comisión de avaliación para a concesión das axudas, así como a proposta de resolución formulada polo presidente da dita comisión, apreciáronse os seguintes

#### FEITOS

Primeiro.- O 03/02/2025 a entidade COFRADIA DE PESCADORES SAN JOSE DE CANGAS, con NIF-G36014389, presentou solicitude de axuda para o proxecto "Restauración da biodiversidade da subzona b do banco da Cheminea e os Castros".

Ao abeiro do establecido nos apartados 11, 12 e 13 da Orde do 11 de decembro de 2024 citada, a solicitude, xunto coa documentación que a acompaña, foi cualificada, en canto a prazo e forma, como admitida a trámite.

Segundo.- As entidades solicitantes admitidas, valoradas e para as cales se propón a concesión da axuda, cumpren os requisitos establecidos na orde de convocatoria e nas súas bases reguladoras para ser beneficiarias da axuda.

Terceiro.- Feita a correspondente valoración pola Comisión avaliadora, o presidente da comisión formulou a proposta de aprobación ao órgano concedente, para os beneficiarios, proxectos, conceptos e importes correspondentes.

Cuarto.- De acordo co disposto no artigo 5 das bases reguladoras, as entidades propostas como beneficiarias de axuda están ao corrente das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social, non son debedoras por resolución de procedencia de reintegro e non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma.

Quinto.- Consta fiscalización de conformidade do expediente de compromiso de gasto, existindo crédito suficiente e axeitado para a concesión da subvención na aplicación 16.03.723A.770.1 código de proxecto 2024 142, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para a ano 2025.



## FUNDAMENTOS DE DEREITO

Ademais da Orde do 11 de decembro de 2024, pola que se establecen as bases reguladoras xerais e se convocan estas axudas para o ano 2025, tívose en conta o disposto, entre outras, nas normas seguintes:

- Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello do 24 de xuño de 2021 polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os devanditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados.
- Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello do 7 de xullo de 2021 polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004.
- Programa FEMPA aprobado pola Decisión da Comisión de aprobación do Programa FEMPA en España (CCI 2021ES14MFPR001) o 29 de novembro de 2022.
- Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello do 18 de xullo de 2018 sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión Europea, polo que se modifican os Regulamentos (UE) núm. 1296/2013, (UE) núm. 1301/2013, (UE) núm. 1303/2013, (UE) núm. 1304/2013, (UE) núm. 1309/2013, (UE) núm. 1316/2013, (UE) núm. 223/2014 e (UE) núm. 283/2014 e a Decisión núm. 541/2014/UE e polo que se derroga o Regulamento (UE, Euratom) núm. 966/2012.
- Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, coas súas posteriores modificacións.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Decreto 132/2006, do 27 de xullo, en materia de rexistros de axudas, subvencións, convenios e sancións.
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.



- Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia.
- Criterios de selección para a concesión de axudas do Programa do FEMPA.

De acordo cos feitos e fundamentos de dereito expostos,

## RESOLVO

**CONCEDER** a axuda a proxectos colectivos, financiados polo FEMPA, para a restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños mediante medidas de conservación no marco de actividades marisqueiras sustentables, á entidade e cos detalles que se indican á continuación:

|                                                                                                      |                              |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------|
| Expediente: PE209B-2025-00031                                                                        |                              |
| Entidade: COFRADIA DE PESCADORES SAN JOSE DE CANGAS,                                                 | NIF: G36014389               |
| Denominación proxecto: Restauración da biodiversidade da subzona b do banco da Cheminea e os Castros |                              |
| Ubicación do proxecto (municipio): Cangas                                                            | Provincia: Pontevedra        |
| Importe público:                                                                                     |                              |
| Total concedido: 29.345,80 €                                                                         | Anualidade 2025: 15.745,80 € |
| Subvencionable: 29.345,80 €                                                                          | Anualidade 2026: 13.600,00 € |
| 70% FEMPA                                                                                            |                              |
| 30% Fondo Propio C.A.                                                                                |                              |
| Importe privado: 0€                                                                                  |                              |

### Axuda concedida:

| Ano          | Acción                                                        | Importe concedido  | Zona da actuación/Condición |
|--------------|---------------------------------------------------------------|--------------------|-----------------------------|
| 2025         | Adquisición semente (Ourizo)                                  | 8.000,00 €         |                             |
| 2025         | Adquisición semente (Alevíns ourizo)                          | 5.600,00 €         |                             |
| 2025         | Contratación barco                                            | 300,00 €           |                             |
| 2025         | GPS                                                           | 445,00 €           |                             |
| 2025         | Material preengorde                                           | 963,00 €           |                             |
| 2025         | Material (Pilas-cargador, calibre dixital e calibre plástico) | 437,80 €           |                             |
| <b>Total</b> |                                                               | <b>15.745,80 €</b> |                             |

| Ano  | Acción                               | Importe concedido | Zona da actuación/Condición |
|------|--------------------------------------|-------------------|-----------------------------|
| 2026 | Adquisición semente (Ourizo)         | 8.000,00 €        |                             |
| 2026 | Adquisición semente (Alevíns ourizo) | 5.600,00 €        |                             |



|              |                    |
|--------------|--------------------|
| <b>Total</b> | <b>13.600,00 €</b> |
|--------------|--------------------|

#### **Axuda non concedida:**

Prazo de **EXECUCIÓN**: Ata o 14 de setembro de cada anualidade.

Prazo de **PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN**: Para a anualidade 2025 ata o 14 de setembro de 2025. Para a anualidade 2026 ata o 14 de setembro de 2026.

#### **OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS**

Os beneficiarios deberán cumprir as obrigas sinaladas no artigo 5 das bases reguladoras e especialmente as obrigas derivadas do financiamento polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA):

a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención dentro dos prazos máximos que se establecen nesta resolución de concesión, co cumprimento das condicións e prescricións establecidas nela, na orde de convocatoria e demais normativa de aplicación, de forma que se poida realizar a súa comprobación documental e material.

b) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades para as que se solicita axuda, así como calquera circunstancia que poida afectar substancialmente á execución ou á consecución dos fins para os cales foi concedida a axuda de que se trate.

c) Aportar e actualizar toda a información que lles sexa requirida en relación coas subvencións concedidas, incluídos os datos necesarios para poder proceder ao seguimento e avaliación do programa, para poder dar cumprimento ao artigo 42 do Regulamento (UE) 2021/1030 e ao artigo 46 do Regulamento (UE) n.º 2021/1139, e someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a entidade concedente, así como os órganos de fiscalización e control da Comunidade Autónoma de Galicia, da Administración xeral do Estado e da Unión Europea.

d) Cumprir as condicións de admisión da solicitude establecidas no apartado 1, letras a) e b), e apartado 3 do artigo 11 do Regulamento (UE) 2021/1139, durante todo o período de execución da operación e durante un período de cinco anos despois da realización do pagamento final ao beneficiario.

e) Levar rexistros contables independentes ou empregar códigos de contabilidade apropiados para todas as transaccións relacionadas coa operación, de conformidade co artigo 74.1.a).i) do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, de 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para ditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados, para o caso de reembolso de custes, consonte ao artigo 53, apartado 1, letra a) (custes reais).

f) Asegurarse de que todos os documentos xustificativos relacionados coas operacións que reciban axuda se conserven de xeito adecuado durante un prazo de cinco anos a partir do 31 de decembro do



ano no que se efectúe o derradeiro pagamento ao beneficiario. Esta documentación deberá poñerse a disposición do organismo concedente da axuda.

Os rexistros e documentos conservaranse do xeito que establece a orde de convocatoria.

g) Dar a coñecer a axuda prestada polos fondos á operación, de conformidade co establecido no artigo 50 do Regulamento (UE) 2021/1060, para o cal:

1º. Se o beneficiario dispón de web e redes sociais, realizarán unha breve descrición da operación en relación co nivel de axuda, dos seus obxectivos e resultados, e destacarán a axuda financeira da UE.

2º. En documentos e materiais de comunicación relacionados coa execución da operación destinados ao público ou participantes, incluírán unha declaración que destaque a axuda da UE.

3º. No caso de operacións que teñan un custo total superior a 100.000 euros, instalarán placas ou valos publicitarios en lugares ben visibles ao público nas que apareza o emblema da UE, de conformidade coas características técnicas que figuran no anexo IX do Regulamento (UE) 2021/1061, tan pronto como comece a execución física da operación que implique investimento físico ou na que se instalen equipos adquiridos.

4º. Para operacións non incluídas no apartado 3.º, exhibirán nun lugar ben visible para o público un cartel de tamaño mínimo A3 ou unha pantalla electrónica con información sobre a operación destacando a axuda do FEMPA. Cando o beneficiario/a sexa unha persoa física, na medida do posible, destacará a axuda do FEMPA nun lugar visible para o público ou mediante unha pantalla electrónica.

En calquera actuación, incluírán así mesmo, o logotipo da Xunta de Galicia. O emblema da Unión empregárase de conformidade co anexo IX do Regulamento (UE) 2021/1061, cando se realicen actividades de visibilidade, transparencia e comunicación.

h) Facer mención á orixe do financiamento e velar por darlle visibilidade, en particular, cando promovan as accións e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público en xeral, de conformidade co artigo 60 do Regulamento (UE) 2021/1139.

i) Conservar o rexistro documental e gráfico que avale o cumprimento das obrigas de comunicación e visibilidade, que estará a disposición das autoridades do Programa e da Comisión Europea.

j) Non concertar a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con persoas ou entidades afectadas polas situacións referidas no artigo 27.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

k) Cumprir coa normativa comunitaria, nacional e rexional vixente segundo a normativa sectorial que resulte de aplicación.

l) Respetar a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea, tendo en conta o que establece a orde respecto á promoción e igualdade entre mulleres e homes e a non discriminación.

m) Aportar e actualizar a información relativa ao proxecto. Por elo, en consonancia co artigo 47 do Regulamento (UE) nº 2021/1139, do Parlamento Europeo e do Consello do 7 de xullo de 2021, polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), e polo que se modifica o Regulamento (UE) nº 2017/1004 (en diante REFEMPA), os beneficiarios/as notificarán os valores dos indicadores de resultados pertinentes unha vez finalizada a operación e, a máis tardar, con ocasión da solicitude do derradeiro pagamento.



- n) Colaborar coas distintas autoridades implicadas na xestión e o seguimento do FEMPA.
- q) No caso de proxectos conxuntos, ratificar ante o órgano de xestión o acordo de colaboración para a execución do proxecto, unha vez notificada a concesión da axuda.

## CONDICIÓNS DE CUMPRIMENTO E XUSTIFICACIÓN

As operacións non se seleccionarán para recibir axuda do FEMPA se concluíron materialmente ou se executaron integramente antes da presentación da solicitude de axuda polo beneficiario.

Nos casos en que fora precisa autorización da Demarcación de Costas (por tratarse de dragados) Autoridade portuaria (aporte de áridos), Medio Ambiente (por inclusión na zona Natura), Patrimonio e/ou outros preceptivos, para realizar as actividades subvencionadas e a súa posterior xustificación deberán estar efectivamente concedidas esas autorizacións/permisos.

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizaranse consonte o establecido no artigo 26 da orde.

Xunto coa xustificación deberase achegar os documentos de concesións, autorizacións, permisos ou licenzas requiridos para as actividades subvencionadas, no caso de que non foran achegados previamente.

Deberán manterse a disposición da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo os documentos xustificativos relativos aos gastos subvencionados, conforme ao establecido no artigo 140 do Regulamento (UE) 1303/2013, del Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013.

Os beneficiarios deberán cumprir en calquera caso as obrigas e condicións que con carácter xeral se establecen no Regulamento (UE) 2021/1139, do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo, polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, no Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, modificado polo Regulamento (UE Euratom) 2018/1046, do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da UE, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento desta última, así como todas as establecidas na Orde do 11 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2025.

Comunicarase ó Servicio Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) os feitos que podan ser constitutivos de fraude ou irregularidade, a través do seu canal de denuncia: <https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-es/snca/Documents/ComunicacionSNCA06-04-2017Canaldenuncias.pdf>

As fundacións, asociacións, e en xeral, todas as persoas xurídicas, os fideicomisos tipo trust e entidades ou estruturas sen personalidade xurídica análogas aos trust deberán cumprir coas obrigas de declaración e actualización de información e identificación de titulares reais previstas no Real decreto 609/2023, do 11 de xullo, polo que se crea o Rexistro Central de Titularidades Reais, así como no seu Regulamento de desenvolvemento (artigo 1.4). A realización de trámites respecto do Rexistro Central de Titulares Reais, a través de internet, farase mediante o seguinte enlace: <https://www.mjusticia.gob.es/es/ciudadania/tramites/registro-central titularidades-reales>.





A entidade beneficiaria da axuda comprométese a aceptar todas as condicións establecidas na presente resolución de concesión da axuda. Así mesmo, a aceptación da axuda implica a autorización da inclusión da operación subvencionada na lista de operacións seleccionadas para recibir axudas do FEMPA, consonte ao sinalado no artigo 49, apartados 3 e 5, do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021.

Esta resolución incorpora o contido do documento (DECA) ao que se fai referencia no artigo 73.3. do Regulamento (UE) nº 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, garantindo, polo tanto, coa notificación da presente resolución a comunicación á entidade beneficiaria do contido de dito precepto.

No prazo de dez (10) días desde a notificación da resolución, os interesados deberán comunicar a aceptación ou rexeitamento da subvención nas condicións expresadas nela, conforme ao anexo IV da orde. De non facelo, entenderase tacitamente aceptada.

## RECURSOS

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o conselleiro do Mar, no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses contados a partir do día seguinte á dita notificación.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O conselleiro do Mar  
PD Orde do 21.02.2022 (DOG núm. 41 do 01.03.2022)  
A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro  
Marta Villaverde Acuña

